

IMPORTANTE

(Notas baseadas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia)

1.

Os prazos fixados na convocatoria **deberán cumprirse estrictamente**

Para presentar a documentación xustificativa de ter realizadas as actuacións subvencionadas o prazo vence o **10 de decembro de 2008**. Se hai algunha causa xustificada que impida cumprir este prazo a entidade deberá solicitar previamente un aprazamento, que lle poderá ser concedido pola Secretaría Xeral de Emigración. Noutro caso, se non se cumprira ese prazo, a entidade beneficiaria perdería definitivamente a subvención

2.

Nas súas solicitudes as entidades deben **incluír unicamente as finalidades que vaian realizar efectivamente** no ano 2008, **con independencia do importe da subvención** que se lles poida conceder. Polo tanto, deberá constar con claridade que actuacións concretas van realizar e cal é o seu custo.

■ Unha vez resolto o expediente as entidades teñen 10 días de prazo, desde a recepción da notificación, para aceptar ou renunciar á subvención que se lle conceda. Pasado este prazo as entidades **deberán realizar na súa totalidade** as accións subvencionadas, **tanto no seu concepto como no seu importe**, sen ningunha variación nin minoración.

■ Se xurdira a necesidade de facer algún cambio na finalidade subvencionada a entidade beneficiaria deberá presentar, **previamente** á súa realización, unha solicitude motivada á Secretaría Xeral de Emigración e esta resolverá se é posible ou non aceptar o devandito cambio.

3.

A.-As facturas que remitan as entidades : 1) **deberán conter todos os datos necesarios para a súa admisión** e 2) ser os **orixinais ou fotocopias cotexadas por funcionario público competente**.

B.- As entidades beneficiarias deberán conservar nos seus arquivos, á disposición da Secretaría Xeral de Emigración e dos órganos de control, os xustificantes que acrediten a realización dos pagos das facturas: notas das transferencias bancarias, recibos válidos. ...

■ Se ben para tramitar o pago da subvención non está establecido ata agora a obrigatoriedade da súa presentación, é imprescindible que as entidades conserven os documentos orixinais de pago. **Os órganos** que realicen o **control financeiro** dos expedientes non só esixen que as actuacións subvencionadas estean realizadas e debidamente xustificadas, senón que ademais estean **pagadas** e que se acredite este pago. De non ser acreditado debidamente polas entidades podería ser causa do **reintegro** das subvencións.

4.

Toda a documentación dos expedientes a non ser que xa fose remitida á Secretaría Xeral de Emigración -especialmente a documentación xustificativa (facturas, xustificantes de pago das facturas, etc.)- deberá ser conservada polas entidades, e a disposición dos órganos de control das subvencións, durante un período mínimo de catro anos.

5.

Os requirimentos deben ser atendidos na súa totalidade e nos prazos establecidos. Polo tanto, léanos detidamente e chamen se teñen dúbidas na súa interpretación.

6.

Toda a documentación que remitan as entidades, tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación, **deberá estar correcta e completa.** Os documentos **deben ser orixinais,** se ben no caso de facturas e doutros determinados valerán **copias cotexadas por funcionario público.**

7.

Coa documentación xustificativa as entidades deberán indicar **as fontes de financiamento** das actuacións realizadas: fondos propios da entidade, subvención da Secretaría Xeral de Emigración, outras subvencións, outras fontes.